



CIRCULAR INFORMATIVA 18-09-2013

Estimados pais/nais/titores/as:

Queremos darlles a coñecer aspectos relativos á organización e funcionamento:

HORARIO DE SECRETARÍA:

Co fin de axilizar os trámites administrativos (certificados, becas...), este curso escolar, atenderemos as peticións na secretaría en horario de 13:25 a 14:15 h.

ENTRADAS E SAÍDAS DO ALUMNADO.

Para evitar situacións de perigo, aconsellamos utilizar as beirarrúas. A estrada é só para uso de vehículos autorizados (transporte escolar e persoal do centro).

Tamén queremos lembrarlles que os pais/nais non deben acceder aos corredores e ás aulas. Para calquera consulta deben dirixirse á secretaría.

Coa intención de aumentar a responsabilidade dos nenos/as, pregamos abstéñanse de traer á secretaría bocadillo, tenis, libretas... Os rapaces/as son os que teñen que levarlos na súa mochila.

Horario de apertura e peche da porta peonil:

- Pola mañá de 8:00 a 9:25 h.
- Pola tarde de 13:55 a 18:15 h.

Este ano, pasados 10 minutos da hora de entrada (09:25h.), os alumnos/as dirixiránse á secretaría desde onde irán as súas respectivas aulas. Os titores/as rexistrarán o retraso e recollerán o correspondente xustificante. Non quedarán na secretaría esperando a incorporarse á clase seguinte.

Recomendamos, na medida do posible, que recollan aos alumnos/as coincidindo cos cambios de clase. O horario das sesións está exposto no taboeiro da entrada

COMEDOR ESCOLAR, AULA MATINAL E AULA DE TARDE funcionan desde o primeiro día de clase e son xestionados pola ANPA.

ACTIVIDADES DA TARDE:

Estes días (mércores, xoves e venres) poden anotar aos seus fillos/as ás actividades segundo a circular enviada pola ANPA. Tamén poden facerse socios.

BIBLIOTECA.

A actividade de biblioteca pola tarde será a partir do 01 de outubro de 2013, en horario de 16:00 a 18:00 h. A biblioteca é lugar de lectura, estudo e consulta para toda a comunidade educativa. Os alumnos/as menores de 6 anos que desexen permanecer na mesma deben estar acompañados por un familiar posto que non dispoñen da suficiente autonomía.

AVISOS:

O centro continúa coa campaña de recollida de tapóns ("Banco de tapones del Baixo Miño").

Nos primeiros días de outubro realizaremos unha recollida de roupa usada ("Fundación Santa Lola").

Con estas medidas pretendemos un mellor funcionamento do centro educativo polo que esperamos a súa colaboración.

Un saúdo.

A DIRECCIÓN